

 **BReOGAN**

O GROVE - Nº24 - 1º TRIMESTRE 2012
EDITA: C.M.D.C. BReOGAN
APDO. DEPORTE Nº86
Tel./Fax: 986 73 32 93
e-mail: dub@reogan@telefonica.net
www.dub@reogan.org

VIII GALA DEPORTE MECO



Resultados de piragüismo

**Liga Galega de
Xadrez**

Escola de Música 2011

Asemblea Xeral

Gala do Deporte Meco

Cabalgata de Reis

**Control para acudir ao
preolímpico**



**DEPORTE
GALEGO**

galicia



Cabalgata de Reis

Un ano máis o CMDC Breogán estivo presente na Cabalgata de Reis. Nesta ocasión sacamos á rúa unha carroza composta por unha locomotora das de vapor e un vagón, no que ían un grupo de nenos e nenas botando caramelos. Coidamos que a carroza nos quedou bastante ben, pola nosa banda quedamos moi satisfeitos do traballo realizado.

Asimesmo, tamén quedamos moi contentos de axudar a levar un pouco de ledicia aos máis pequenos; só ollar as caras de ilusión dos cativos xa nos compensa as horas de traballo que lle adicamos a de-

corar un novo ano a carroza.

Queremos agradecer aos que nos axudaron economicamente a sufragar os gastos deste evento, e dicirlle que non perdan as mañás

e que o vindeiro ano voltaremos a contar con eles para estar de novo presentes nun dos actos (xunto co martes de entroido) que enche as rúas de O Grove de ledicia e ilusión.



Asemblea Xeral do C.M.D.C. Breogán

O venres 2 de marzo celebramos a Asemblea Xeral da nosa entidade, correspondente ao ano 2012. A reunión tivo lugar no Pavillón de Deportes Náuticos, cunha afluencia escasa de socios.

No repaso anual das actividades realizadas fíxose un resume das seccións da nosa entidade: xadrez, música e piragüismo, ao tempo que se deu conta doutras actividades como a participación na Cabalgata de Reis, a Carreira Popular Festa do Marisco, a Festa da Bicicleta ou Mercado Tradicional Enxenbre.

As contas do 2011 amosaron un importante recorte con respecto o ano anterior xa que chegaron nesta ocasión os gastos aos 90.181,87€, cuns pendentes de pago a 31 de decembro de 26.170,00€. O remate final do ano ofreceu un déficit duns 4.500€.

Despois de aprobadas as con-



tas do pasado ano, presentouse un orzamento para o 2012, que pretende recortar aínda máis os gastos e que se eleva aos 80.000€, que tamén foi aprobado por maioría.

Como é habitual, tras as actividades e as contas, os socios presentes fixeron diversas preguntas aos membros da directiva, establecéndose un amplo diálogo.

Acordo con Viajes y Circuitos Mar Galicia

Como é habitual, seguimos petando en moitas portas na procura dun patrocinador que nos axude no mantemento das nosas actividades. Unha das portas nas que petamos foi “Viajes y Circuitos Mar Galicia”, axencia de viaxes que vén colaborando con nós dende o pasado ano.

Este ano intentamos que a súa colaboración fose maior, pero debido á actual situación económica o seu patrocinio non é posible. Con todo, facendo un importante esforzo aumentou a súa colaboración para con nós. Hai que recordar que dende o pasado ano ten a

súa publicidade nas tres furgonetas das que dispoñemos, pola que recibimos unha cantidade económica.

Ademais agora, as viaxes que contratemos con eles serán a prezo de custe e, tamén nos facilitou unha tarxeta para que os nosos soci@s e amig@s que queiran viaxar poidan facelo a través desta axencia e ao final do ano recibiremos unha comisión por estas viaxes. Por iso, se tendes pensado organizar algunha viaxe ou tendes coñecidos que vaian a viaxar, pasade polas nosas instalacións a recoller a vosa tarxeta para negociar a viaxe e así estaredes colaborando con Breogán.



9 A.T. 20-77

MAYORISTA - MINORISTA

☎ 906 74 60 33

☎ 906 74 66 08

www.circuitosgalicia.com

Organizamos viaxes
para Grupos de:
**Asociacións
Estadantes
Tercera Edade
etc...**

Para toda
**ESPAÑA
PORTUGAL
FRANCIA
ITALIA**



Xerencia Marica, n.º 11 A
36980 Vilabonga - SANXENDES (Pontevedra)
circuitosgalicia@circuitosgalicia.com

Escola de Música 2011

Amador Míguez.

Dir. Escola de Música Breogán

Durante o pasado curso entraron na Escola de Música 14 alumnos novos mestres que algúns dos alumnos antigos marcharon para seguir os seus estudos en diferentes puntos de Galicia.

Algúns dos alumnos están matriculados en varios instrumentos e a Escola, este ano por contramedidas da crise, regalou clases de outro instrumento. Os que ían a guitarra, tomaron clases de piano; aos que ían a piano impartéuselles coñecementos de harmonía (esta materia non pertence á linguaxe musical, materia básica para a creación musical).

Alumnado. A nosa Escola tivo un número de alumnos total de 36, que están repartidos da seguinte maneira: Linguaxe Musical: 33, Alumnos de Piano: 14, Guitarra: 12, Baixo: 2, Saxofón: 1, Acordeón: 1, Batería: 3, Frauta Traveseira: 3, Informática Musical: 2

Ademais tivemos clases de verán nos meses de xullo e setembro nas que participaron 8 alumnos.

Así mesmo os instrumentos máis demandados no curso pasado na Escola de Música foron o violín, no que están interesados

4 alumnos; viola, violoncelo e trompeta; seguimos traballando para a incorporación de novas materias.

Prezo. No tocante aos prezos, a escola de Música Breogán mantivo os prezos sen subida dende hai seis anos, como medida de captación de novos alumnos.

Metodoloxía. A metodoloxía empregada na nosa Escola varía segundo a demanda e gustos dos alumnos.

Normalmente mesturamos a música clásica, pezas coñecidas ou modernas e, incluso cancións que os alumnos piden en exclusiva e que adaptamos ao nivel do alumnado. E dicir, facemos todo o posible para que o alumno aprenda con diversión.

Este ano contamos con dous combos musicais, formados por un número de cinco alumnos. Trátase de formacións musicais compostas por batería, baixo, piano e dúas guitarras.

Neste grupo faise calquera estilo de música, polo que resulta moi ameno para os alumnos.

Actividades. Os nosos estu-





dantes teñen moitas e variadas actividades, que son as seguintes:

- Neste ano formáronse dous grupos de alumnos da Escola de Música Breogán, e os dous se adican a facer música propia, no estilo de rap e de rock.

- Varios alumnos son compoñentes no coro da Igrexa Evangélica do Grove, neste ano foi a maior demanda de aprendizaxe.

- Petición de alumnos para as comparsas de entroido.

- Avaliacións por trimestres para ter referencia do nivel do alumno, aínda que ao alumnos ségueselle día a día os seus progresos.

- Petición de alumnos para dar un pequeno concerto pero que foi botado abaixo porque o día de celebración os dous alumnos que tiñan as cualidades para concerto, non poideron ir por causa de exames.

- Outra celebración importante que levamos a cabo foi a Festa do Nadal, na que participamos todos os integrantes da Escola de Música.

No fin do curso houbo os exames finais e o Festival de Fin de Curso, que o celebramos na propia Escola con todos os alumnos. Compre dicir que na Escola de Música Breogán estamos abertos a calquera demanda que nos propoñan de instrumento, sempre e cando haxa dispoñibilidade de alumnos.



"la Caixa"



Gala do Deporte Meco

O venres 30 de marzo tivo lugar a VIII GALA DO DEPORTE MECO, que estreou un novo escenario de celebración, o Pavillón de Deportes Monte da Vila.

Nesta edición na que se premiou os resultados e actividades realizadas durante o ano 2011, a Gala tivo ao Breogán como un dos protagonistas destacados, pois na suma dos votos emitidos polos diferentes clubs, fumos eleixidos como finalistas nos seguintes apartados:

- Mellor Deportista Masculino de Elite, Mellor Equipo ou Embarcación: Cristian Ribadomar.

- Mellor Deportista Feminina de Elite, Mellor Equipo ou Em-

barcación: Tania Álvarez e Natalia García.

- Mellor Promesa Masculina: Manuel García e Adrián Ribademar.

- Mellor Promesa Feminina:

Laura García.

- Mellor Adestrador: David Mascato.

- Mellor Club: Piragüismo Breogán.

- Mención ao Equipo Direc-



Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



Beiramar, 54 O GROVE • Telf. 986 73 15 92



tivo: C.M.D.C. Breogán.

- Mellor Evento Deportivo: Travesía da Toxa.

Á hora da entrega dos premios finais na gala, foron galardornados os irmáns García Naveiro, Laura como Mellor Promesa Feminina e Manuel como Mellor Promesa Masculina.

Asimesmo, tiveron o seu recoñecemento, os deportistas do Breogán que durante o pasado ano

foron internacionais ou acadaron medallas nas Regatas Nacionais e Campionatos de España: Cristian Ribademar, Álvaro Bravo, Jacobo Domínguez, Miguel Fernández, Sami Grigore, Manuel García, Tania Álvarez, Natalia García, Rut Otero e Adrián Ribademar.

Tamén nos queremos facer partícipes da Mención ao Equipo Directivo, que un ano máis foi para a Asociación do Depor-

te Meco (ADM), da que Breogán forma parte.

Dende a Xunta Directiva amosámonos satisfeitos de ser, ano tras ano, un dos referentes no deporte local, e queremos felicitar a tod@s premiados nesta gala, especialmente os finalistas e gañadores pertencentes ao Breogán e animalos a que sigan na súa liña de traballo que os levará á consecución dos seus obxetivos.



Segem



GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL



Liga de xadrez

A temporada de xadrez iniciámola con tres equipos, pero por mor dos compromisos dalgúns xadrecistas á hora dos desprazamentos e outros compromisos, non se puideron manter os tres equipos e, o Breogán "B" deuse de baixa na competición.

Pola súa banda, os outros dous equipos, Breogán "A" e Breogán "C", están tendo unha participación na liga moi digna. Así, equipo "A" ocupa a terceira posición no Grupo B de Primeira División mentres que o Breogán "C" marcha segundo clasificado no Grupo A da Cuarta División.

O Breogán "A", despois de nove enfrontamentos ocupa a terceira posición con 20 puntos tras gañar

catro encontros, empatar un e perder outros catro. O equipo "C" ocupa a segunda posición despois de oito en-

frontamentos con 41,5 pto, gañando sete encontros, empatando un e sen coñecer derrota.

CLASIFICACIÓN PRIMERA DIVISIÓN GRUPO B.

1	KARPOV	27,5
2	MARQUÍÑO	22,5
3	BREOGÁN "A"	20
4	GALLAECIA	18,5
5	X. RIANXO	18
6	ALGAIA DE ABAIXO	18
7	CXF-C. XUVENTUDE	17
8	RIVEIRA "A"	16
9	MARÍN "A"	15,5
10	ALBARIÑO "A"	14,5
11	CCD SANXENXO	14,5
12	USC XUVENIL	14




Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com

RESULTADOS PRIMEIRA DIVISIÓN GRUPO B.		
USC XUVENIL	2,5-1,5	BREOGÁN "A"
BREOGÁN "A"	3,5-0,5	CCD SANXENXO
GALLAECIA	2,5-1,5	BREOGÁN "A"
BREOGÁN "A"	2-2	ALBARÍÑO "A"
RIVEIRA "A"	1,5-2,5	BREOGÁN "A"
BREOGÁN "A"	1,5-2,5	MARÍN "A"
X. RIANXO	2,5-1,5	BREOGÁN "A"
C. XUVENTUDE	1-3	BREOGÁN "A"
BREOGÁN "A"	3-1	MARQUÍÑO

RESULTADOS CUARTA DIVISIÓN GRUPO A.		
VITAL DENT	4-4	BREOGÁN "C"
BREOGÁN "C"	4-4	EXP MEIS
C. MERCANTIL	1-7	BREOGÁN "C"
BREOGÁN "C"	3-5	SAN VICENTE
MOSTEIRO	6-2	BREOGÁN "C"
BREOGÁN "C"	7-1	DIST. LETE
MARIN PROM.	1,5-6,5	BREOGÁN "C"
BREOGÁN "C"	8-0	MARÍN INF.

RESULTADOS CUARTA DIVISIÓN GRUPO A.		
VITAL DENT	4-4	BREOGÁN "C"
BREOGÁN "C"	4-4	EXP MEIS
C. MERCANTIL	1-7	BREOGÁN "C"
BREOGÁN "C"	3-5	SAN VICENTE
MOSTEIRO	6-2	BREOGÁN "C"
BREOGÁN "C"	7-1	DIST. LETE
MARIN PROM.	1,5-6,5	BREOGÁN "C"
BREOGÁN "C"	8-0	MARÍN INF.



HABITAT

Decoración



Resultados piragüismo

Iniciouse una nova temporada de piragüismo, na que como todos os anos nos presentamos con altas e baixas no equipo. Entre as altas temos que destacar as incorporacións de Diego Romero (As Torres) e Adrián González (Piraguamadrid), ou o regreso de Ángel Alam (Ciudad de Pontevedra), así como os deportistas que ascenderon do equipo de promoción: Diego Naveiro ou Sara Cacabelos.

Baixo a batuta do novo adestrador, Sami Grigore xa se afrontaron as primeiras regatas, a primeira foi o Campionato Galego de Inverno, no que se acadou o cuarto posto

por clubs e destacando a nivel individual os primeiros postos de Tania Álvarez (K-1 muller xuvenil), e de Manuel García (C-1 xuvenil) e o terceiro posto de Cristian Ribademar (C-1 senior) e o cuarto de Álvaro Bravo (K-1 senior).

Ao mesmo tempo celebrouse o Campionato Galego de Inverno de Veteranos, no que se acadou o segundo posto por clubs, onde Rut Otero repetiu como Campioa Galega, igual posición que Marcelino Cacabelos en canoas.

Unhas semanas despois celebráronse os campionatos nacionais de inverno, en Sevilla. No de Xo-



ves Promesas acudimos con poucos efectivos e o resultado non foi bo, pero contamos con máis potencial nestas categorías que o que amosamos en terras sevilanas.

Pola súa banda, no Campionato de España de Inverno para Senior, Sub 23 e Xuvenís tivemos unha moi destacada actuación ao



MAPFRE
O GROVE

acadar o cuarto posto por clubs, con tres clubs por diante na clasificación que nos triplicaban en efectivos, ou o quinto clasificado (As Torres) que tiña o dobre de palistas que nós e os nosos palistas puidéronos superar.

A nivel individual destaca a Medalla de Bronce de Diego Romero en C-1 senior, que á vez foi Medalla de Ouro en Sub 23; nesta categoría a Medalla de Prata foi para Cristian Ribademar.

Manuel García foi cuarto no C-1 xuvenil, que lle serviu para acadar a Medalla de Ouro en Sub



17 e Álvaro Bravo que foi undécimo na categoría absoluta do kaiak, acadou a Medalla de Bronce na categoría Sub 23.

Nas mesmas datas celebrouse o Campionato de España de Veteranos, no que Rut Otero repetiu a Medalla de Bronce que acadou no 2011.

Tamén se iniciou a nivel galego a competición para categorías de promoción, coa disputa da 1ª Regata de Infantís e Alevíns, na que acadamos a novena posición, que

é factible de mellora pero que supón un paso adiante con respecto da primeira regata do pasado ano onde acadáramos o posto dezaoto.

A nivel individual destaca o primeiro posto do canoísta Adrián Ribademar, quen confirma a súa proxección e que agardamos que siga na mesma liña, para o vindeiro ano ao incorporarse como un cadete destacado ao primeiro equipo.

Nos alevíns o mellor resultado foi o sexto posto da muller alevín "A", Antía Naveiro.



ARAG
Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •

Aforro e Inversión


O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra

Travesía da Toxa

O domingo 22 de abril, a partires das 16,30 h., iniciárase a regata da “IX Travesía da Toxa-XXVI Trofeo Concello do Grove de Piragüismo”.

Esta regata é puntuable para a “Superliga Galega de Piragüismo”, englobándose dentro da “Liga Galega de Ríos e Travesías”.

Participarán embarcacións K-2 e C-2, das categorías cadete, xuvenil e senior, tanto de homes como mulleres e para a que agardamos unha participación de arredor de 350 deportistas en representación de máis de 30 clubs de toda Galicia.



Control para acudir ao preolímpico

O 13 de abril a RFEO celebrará un control do que sairá o C-2 español que acudirá ao Preolímpico europeo no que se xogarán as últimas prazas para asistir ás Olimpíadas de Londres 2012.


Nese control estará o C-2 formado por Cristian Ribademar e Diego Romero; este último incorporouse ao Breogán para poder preparar mellor esta embarcación, na que xa levan formando equipo hai dous anos a nivel internacional como C-2 español Sub 23.

Dende aquí queremos desexarlle sorte a estes dous palistas neste control, aínda que sabemos que será unha ta-



refa dura, pois hai outras tres ou catro embarcacións que estiveron preparando esta importantísima cita deportiva. De todas formas, este C-2 ten moito

que dicir no futuro xa que ambos os dous deportistas aínda son de categoría Sub 23, pero xa están á altura dos absolutos.



OBRAS Y CONTRATAS
RIAS BAIXAS
www.riasbaixasnet.com

R/ País Vasco, 5 Baixo - 36980 O Grove (Pontevedra)
Tel: 986 732 195 - Fax: 986 735 027 - mail: construcciones@riasbaixasnet.com